




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Camariñas. Municipio: Muxía. Parroquias: San Pedro de Leis de Nemancos, agás unha pequena franxa ao sur, en Nosa Señora de Santa María da O. Extensión: 1,60km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade disposta sobre unha superficie granítica profusamente fraccionada e de disposición N-S, cuxas liñas de debilidade aproveitan algúns cursos fluviais e culminan en pequenas enseadas con depósitos de area no contacto coa costa. A primeira liña litoral, especialmente a da franxa oeste, tópase cunha superficie elevada que culmina no suroeste co Monte Cotrón, e que descende suavemente ao interior, cara á chaira prelitoral sobre a que se asenta Leis de Nemancos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Gran parte da unidade ten como especie rochosa un granitoide migmático hercínico, que contén nebulitas no sector das Baianas e na ladeira de Leis de Nemancos cara ao Monte Agudo. No suroeste aparece, sen embargo, a granodiorita biotítica tardihercínica coñecida como Tipo Traba. O Cuaternario adquire importancia pola presenza de sedimentos intermareais, algunha praia e dunas de pequenas dimensións.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. No tocante ás precipitacións hai que falar de máximos acumulados de 1400mm ao ano sen baixar de 1200mm.

OS SOLOS

Cambisols dístricos en boa parte da unidade fundamentalmente con usos agropecuarios e forestais. Nos sectores de maior pendente, tanto na fachada costeira como no alto do Cotrón, os solos están pouco desenvolvidos sendo do tipo umbrisol dístrico-léptico ou incluso regosols nos que con frecuencia aflora o substrato rochoso. Por último destacar a presenza de arenosos no tramo sedimentario da praia da Barreira.


AS AUGAS

A proximidade á liña costeira dos montes Orteño, polo norte, e O Cotrón, polo sur; limita a extensión da cunca hidrográfica, cuxo único arroyo representativo desemboca na praia da Barreira. A unidade encóntrase bañada pola masa de Augas Costeiras da Ría de Camariñas (20136).

O PATRIMONIO NATURAL

Pertencente á área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. Estamos ante unha costa mixta, con tramos de cantil baixo e sectores de praia e chaira intermareal areosa. Resulta de importancia o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos. A presenza de bancos areoso intermareais e submareais inclúen a existencia do hábitat 1140, chairas lamacentas e areosas que non están cubertas de auga cando baixa a marea, e do 1110, bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña pouco profunda. Tamén hai que destacar as dunas existentes no sector de Area Grande, pertencentes ao grupo 21, "Dunas marítimas das costas atlánticas, do Mar do Norte e do Báltico". O medio continental está profundamente transformado e non conta con formacións de interese. Só é de destacar a existencia dalgún pequeno sector de prados húmidos, como o existente nas Baianas, ao que se poden asociar os Hábitats de Interese Comunitario 6420 e 6430.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Solo caracterizado por unha combinación de usos agrícolas e forestais, aproximadamente na mesma proporción. A superficie boscosa está composta por árbore de repoboación e masas mixtas de vexetación, ocupando sobre todo as partes periféricas da unidade dun xeito bastante fragmentado (con áreas de cultivo intersticial). Ao sur do ámbito, nas ladeiras do Monte de Pedra Ladra, a superficie forestal continúa a masa boscosa que vén da unidade de Praia do Lago, combinando bosque de repoboación con pequenas áreas de vexetación costeira de mato. Ao longo da costa existen numerosos bancos de marisqueo, tanto a pé como a flote, nos que se colle navalla, longueirón, ameixa e berberecho.

MORFOLOXÍA

O único asentamento desta unidade, Leis de Nemancos, está composto polos casaríos da Cadeiriña, Atalaia, Lugar de Riba, O Pedregal e Lugar de Baixo. Son agrupamentos moi compactos, unidos por unha rede de camiños que orixinalmente se prolongaban cara ás terras de cultivo formando un asentamento de estrutura alveolar que organizaba a agra. Apenas producíronse crecementos residenciais, e aquelas novas construcións que apareceron fixérono respectando a estrutura e morfoloxía orixinal, sen comprometer a compacidade dos casaríos. O cámping de Praia Barreira, de recente construción, sitúase nunha zona sensible e fóra do modelo tradicional de organización desta paisaxe.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A concentración parcelaria realizada nesta zona hai uns cincuenta anos condicionou a estrutura parcelaria e, con ela, a rede viaria da unidade. A estrada principal é aquela que, unindo Cereixo (ao noreste) e Os Muíños (ao suroeste), atravesa os casaríos que forman Leis de Nemancos, cruzando o ámbito en diagonal. Desde o asentamento saen radialmente outras vías que organizan a paisaxe e garanten a accesibilidade a todas as zonas de cultivo e de explotación forestal, tanto cara ao norte coma cara ao sur, conectándoo coas zonas de interior.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os elementos catalogados como patrimonio histórico desta unidade áchanse distribuídos nos diferentes casaríos que conforman o núcleo de Leis de Nemancos. Destaca pola súa importancia arquitectónica a igrexa parroquial de San Pedro, templo románico construído no s.XII. Tamén están recollidos varios hórreos e a escola, situada no casarío de Atalaia.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A paisaxe de Leis de Nemancos caracterízase polo tecido que forma a combinación dos usos agrícolas e forestais distribuídos nunha área de suave pendente, que cae cara á costa desde o seu punto central, onde se sitúa o seu único núcleo poboacional. O proceso de concentración parcelaria transformou notablemente a paisaxe, tanto na súa percepción como na súa organización e estrutura funcional, de xeito que garante a accesibilidade a calquera punto do ámbito desde o asentamento central. Agora a paisaxe agrícola caracterízase por estar constituída por parcelas grandes, regulares e sensiblemente cadradas. As masas arbóreas, cunha clara compoñente lonxitudinal, ocupan as partes periféricas, baixando cara ao litoral cunha notable continuidade.

DINÁMICA DA PAISAXE

Esta zona, como ocorre con toda a costa oriental da ría de Camariñas, viu o seu territorio fortemente transformado a mediados do século pasado. A concentración parcelaria supuxo a transformación da estrutura tradicional agraria, co seu complexo sistema de muros, camiños e parcelas, e substituíuna por unha estrutura regular de parcelas máis grandes en prol dun maior rendemento agrícola. No tocante a novos usos e tendencias de crecemento, encóntrase relativamente pouco alterada con respecto á súa organización tradicional. Mantéñense practicamente os mesmos usos produtivos da terra (tanto agrícolas coma forestais), a edificación nova é escasa e respecta a estrutura, morfoloxías e tipoloxías tradicionais e non se introduciron actividades novas que supoñan unha alteración importante dos procesos de construción da paisaxe.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Na unidade destaca a suavidade da súa xeomorfoloxía, dominada por unha chaira central, na que os campos de cultivo conforman un extenso mosaico de cores e texturas. Esta chaira costeira encóntrase na fronte litoral cos areais de Area Grande, O Ariño e Leis; e está resgardada polo fondo escénico de Monte Agudo. Un dos valores que singularizan esta paisaxe é a ausencia case absoluta de actuacións que alteren a súa estrutura territorial. Aínda que esta se foi modificando e evolucionando co paso do tempo, acadou a día de hoxe un equilibrio entre os diferentes usos do solo, a estrutura parcelaria e os asentamentos de poboación que dotan ao conxunto dun gran valor paisaxístico. Dentro deste destaca a liña litoral, cunha sucesión de cantís baixos e formacións areosas coroadas as máis das veces por masas forestais de repoboación. O Monte Agudo serve como fito de referencia, funcionando como fondo de perspectiva de toda a unidade e pechando a paisaxe cara ao interior continental, contrapóndose á chaira central de Leis de Nemancos. O areal de Area Grande, do Ariño ou de Leis, onde o Río Grande se encontra coa ría aberta de Camariñas, permite unhas vistas transversais deste fenómeno e dos densos bosques de repoboación que pechan a ría. Desde a costa de Barreira, aberta cara ao occidente, obtense unha espectacular vista cara ao mar aberto, enmarcado pola Punta da Barca en Muxía e a Punta Villoeira en Camariñas.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



